



C-1.- COMUNICACIÓN PREVIA PARA O INICIO DE OBRAS

DATOS DO/A SOLICITANTE	Nome e Apelidos		DNI/CIF		
	Nome e apelidos do representante		DNI/CIF		
	Enderezo:		Cód. Postal	Localidade	
	Teléfono:	Email:			
DATOS DA OBRA	Emprazamento		Referencia Catastral		Orzamento
	Breve descripción dos traballos a realizar:				

As obras que se detallan a seguir (xunto de referencia segundo o custo orientativo das unidades de obra).

Partidas da obra	m ² /m ³ /ml/Ud.	Prezo	Orzamento referencia.

De acordo co anterior, DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que achego toda a documentación preceptiva, que é certo o que manifesto e, entodo caso:

- Que as características indicadas reflecten fielmente as obras a realizar.
- Que as obras solicitadas non afectan ao volume da edificación, nin á súa estrutura.
- Que as obras se limitan á substitución dos elementos en mal estado por outros novos de iguais ou similares características.
- Que non se afecta á estrutura do inmovible nin ás súas instalacións ou elementos comúns, nin á distribución interior das vivendas nin ás condicións de habitabilidade.
- Que se cumprirán os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos.
- Que se respectarán as normas de boa construción, convivencia cidadá e respecto polo descanso dos veciños.
- Que as obras non afectan a elementos catalogados nin están suxeitos ao deber previo de obtención de licenza.
- Que conta coas autorizacións para a ocupación do dominio público ou sectoriais que resulten necesarias.

COMUNICO, que iniciarei as obras a partires do día _____ (A comunicación deberá realizarse cunha antelación mínima de 15 días hábiles), cun prazo de execución de _____.

Segundo se indica no artigo 142.3 Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, se considerarán suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza (enumerados no art. 142.2 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia) e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevexa regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación previa necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos.

ADVIRTESE QUE consonte co disposto no apartado 4º do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a Administración competente da declaración responsable ou da comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo isto, consonte aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

AUTORIZO aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da obra a executar. Consonte coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Ares. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito e presentándoo perante o Rexistro do Concello.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA PRESENTE SOLICITUDE

Impreso C-1, comunicación previa para inicio de obras.

Datos identificativos do solicitante:

- Persoas físicas: Copia dun documento acreditativo de identidade do solicitante ou do representante legal (segundo acreditación que se achega consistente en autorización expresa do solicitante, poder notarial ou declaración responsable).
- Persoas xurídicas: D.N.I. do representante da entidade e da documentación acreditativa da representación e escritura ou documentos de constitución e/ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos no Rexistro Público que corresponda.

Liquidación provisional das preceptivas taxas municipais. Carta de pagamento provisionais. Serán confeccionadas no momento da Comunicación Previa en base a os datos sobre ornamentos proporcionados polo solicitante, debendo ser asinada copia ou ben justificante de recepción pola persoa que presente a comunicación que asinará en representación do solicitante. As cartas de pagamento poderánlle ser notificadas ao solicitante por medio do correo electrónico que se faga constar no modelo normalizado da solicitude.

Relación de obras suxeitas ao réxime de comunicación previa:

- *Reforma de vivendas que modifiquen a distribución interior sen afectar á estrutura do edificio.*
- *Substitución integral do revestimento de fachadas, tratamento integral de medianeiras, actuacións integrais de cubrición de patios ou terrazas e substitución integral de material de cobertura sen afectación estrutural.*
- *Obras puntuais de restructuración ou consolidación.*
- *Infraestructuras comúns de telecomunicacións, instalacións integrais privadas das vivendas e centros de transformación en edificios.*

Nestes casos deberán achegar a seguinte documentación técnica:

- *Proxecto técnico redactado por técnico competente (incluíndo estudo de seguridade e saúde) e declaración do técnico/a/s facultativos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre coa ordenación urbanística de aplicación.*
- *Declaración responsable (ou certificado colegial) de técnico competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non se atopa inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.*
- *Nomeamento de técnico director da obra, do director de execución da obra e do técnico responsable da seguridade e saúde da obra.*
- *Reportaxe fotográfica.*

Instalación de novos elementos publicitarios en locais comerciais (rótulos, toldos, bandeirolas, etc.).

Nestes casos deberán achegar a seguinte documentación técnica:

- *Plano de situación e emprazamento en cartografía oficial.*
- *Memoria descriptiva da instalación que se pretende e croquis acoutado, indicando materiais, acabados e planos a escala do rótulo no que se indiquen as dimensións e posición do mesmo respecto á beirarrúa, así como da fachada da edificación onde se pretende a colocación.*
- *Orzamento desglosado da obra ou actuación a realizar.*
- *Reportaxe fotográfica.*

Construcción de peches e valados de solares.

Nestes casos deberán achegar a seguinte documentación técnica:

- *Para peches con fronte á vía pública: acta de liña e rasante.*
- *Para peches sen fronte á vía pública: plano acoutado, indicando a localización do peche solicitado.*
- *Memoria descriptiva indicando os materiais, altura e lonxitude do peche.*
- *Orzamento desglosado da obra ou actuación a realizar.*
- *Reportaxe fotográfica (fotografía do edificio, lindeiros, tramo de rúa, no seu caso).*

Plano de situación da obra en cartografía oficial que será proporcionada polo Concello.

Reportaxe fotográfica das fachadas da edificación e da zona da obra.

No caso de presentación de documentación técnica deberá incluír declaración responsable (ou certificado colegial) de técnico competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non se atopa inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

Autorizacións preceptivas e concesións administrativas que resultasen precisas:

Instituto de Estudos do Territorio

Augas de Galicia

Demarcación de Costas

Servizo Provincial de Urbanismo

AESA

Turismo

Industria

As obras relacionadas que afecten ao patrimonio histórico-artístico estarán suxeitas ao deber de obtención de previa licenza municipal.

No caso de montura de estadas (andamios ou similar) ou da utilización dunha plataforma elevadora, previo comezo das obras deberá presentarse impreso C-2 de ocupación de vía pública e prepararse o espazo con lona de xeito que os residuos derivados das obras non impacten na vía pública. Así mesmo deberá recollerse na presente comunicación, a data dos traballos con horario, as necesidades de espazo para a colocación dos sistemas de elevación, e os sistemas de xestión do tránsito de vehículos e peóns para o normal desenvolvemento dos mesmos.

En Ares, a de de .

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARES